

## OBRADOIRO DE FORMACIÓN DO ALUMNADO MEDIADOR

### 0-. Persoa responsable

O orientador do centro encargárase da realización deste obradoiro.

### 0-. Alumnado participante

Alumnado de 5º e 6º de Educación Primaria que solicitou participar no programa de Persoas Mediadoras.

### 1-. Obxectivos do obradoiro

- **Recoñecer os conflitos** como parte natural da vida e fonte de aprendizaxe.
- Saber identificar os **elementos do conflito**.
- Desenvolver **habilidades para a xestión do conflito** no ámbito escolar.
- Dotar ao Equipo de Persoas Mediadoras dos **coñecementos, habilidades e actitudes** necesarias para intervir nos procesos de mediación entre iguais.
- Adquirir as **técnicas de comunicación** necesarias para que sexa efectiva.
- Coñecer as **fases do proceso** de mediación e saber aplicalas.

### 2-. Contidos e actividades

Contidos	Temporalización Sesións
<b>1.- Presentación.</b> Ideas previas e expectativas. Dinámica: Presento ao meu amigo/a. Contidos: Queremos ser Persoas Mediadoras.	1ª (05/11/19)
<b>2.- Todos temos conflitos.</b> Dinámica: o retrato, os nove puntos, a parella de asnos... Contidos: Elementos do conflito. Resolución de conflitos.	2ª (12/11/19)
<b>3.- A mediación:</b> Dinámica: simulación dunha mediación. Contidos: A comunicación aberta. <b>Cómo nos sentimos:</b> A Empatía.	3ª: (19/11/19)



<p><b>4.- Habilidades de comunicación</b> para a mediación. Dinámica: (por determinar) Contidos: A Asertividade. A escoita activa. Técnicas de escoita activa.</p>	<p>4ª (26/11/19)</p>
<p><b>5.- As fases da mediación.</b> Dinámica: preparación da <b>presentación do EM nas aulas.</b> Contidos: O proceso de mediación. Documentos da mediación.</p>	<p>5ª (03/12/19)</p>
<p><b>6.- Simulación dun caso de mediación. Avaliación do obradoiro.</b></p>	<p>6ª (10/12/19)</p>

### 3-. Temporalización

Seis sesións de HL semanais durante os meses de novembro e decembro.

### 4-. Recursos materiais

Cartafof da persoa mediadora.  
Materiais fotocopiabes.

### 5-. Avaliación

Cuestionarios de valoración de satisfacción persoal.

### 6-. Bibliografía

-. *Cómo poner en marcha, paso a paso, un programa de mediación escolar entre compañeros/as.* GEUZ Gatazka Eraldatzeko Unibertsitate-Zentroa (Centro Universitario para a Transformación de Conflictos). Departamento de Xusticia e Administración Pública do Goberno Vasco.

-. *Mediación en la práctica. Manual de implantación de un servicio de mediación escolar* J. García Barreiro, O. Giménez Fernández, B. González García, V. Grund Pendón, B. Lara Serna. Copicentro.

-. *Material para a Mellora da Convivencia Escolar. Mediación na resolución de conflitos e programa de alumnado axudante.* Consejería de Educación. Junta de Andalucía.

-. *Tempo de Mediación. Obradoiro de formación de mediadores e mediadoras no ámbito educativo.* C. Boqué Torremorell. CEAC Educación.

-. *Orientacións. Plan de convivencia do centro educativo* Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa. Xunta de Galicia. Educonvives.gal.



## 1ºSESIÓN: QUEREMOS SER PERSOAS MEDIADORAS

05/11/2019

**0-. Ideas previas e expectativas:** que cres que é unha persoa mediadora?

**1-. Dinámica de presentación:** Presento ao meu amigo/a.

**2-. Contidos:** Que comporta ser persoa mediadora?

**1.** Ser mediador ou mediadora significa, en primeiro lugar, que **descartamos a violencia** como instrumento válido para solucionar os problemas.

**2.** Tamén quere dicir que **aceptamos os conflitos como parte natural da vida** e entendemos que non son nin positivos, nin negativos.

**3. Consideramos que todas as persoas somos diferentes e valiosas,** e que a nosa diversidade de sentimentos, pensamentos e culturas é fonte de riqueza para a humanidade.

**4. Sabemos que as sancións non son a mellor solución:** é preferible mostrar responsabilidade ante as propias accións e, se é necesario, reparar voluntariamente as posibles consecuencias negativas.

**5. Non nos quedamos indiferentes** cando un compañeiro ou compañeira ten algún problema e pásao mal.

**6. Actuamos preventivamente,** antes que un pequeno conflito se converta nun gran conflito.

**7. Cremos que** nun conflito **todo o mundo pode saír gañando.**

**8. Pensamos** que hai moitas formas de **loitar contra as inxustizas:** a mediación é unha delas.

**9.** Por iso, **aprendemos estratexias de xestión positiva de conflitos** e poñémonos ao servizo de todas as persoas do centro que nos necesiten.

**3-. Actividade:** Escribir no ordenador un texto de catro parágrafos que relate un posible conflito interpersoal no desenvolvemento dun xogo, dunha actividade deportiva ou dunha relación de amizade.